

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DENOMINACIÓN	CRÉDITO ACTUAL	MODIFICACIÓN	CRÉDITO DEFINITIVO
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.365.001,00	0,00	3.365.001,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00	0,00	50.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.602.560,88	0,00	2.602.560,88
4	TRANSF. CORRENTES	3.472.159,77	0,00	3.472.159,77
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	1.501,00	0,00	1.501,00
6	ENAXENACIÓN INV. REAIS	0,00	0,00	0,00
7	TRANSF. DE CAPITAL	130.638,07	0,00	130.638,07
8	ACTIVOS FINANCEIROS	757.663,76	421.201,59	1.178.865,35
9	PASIVOS FINANCEIROS	400.000,00	0,00	400.000,00
TOTAL		10.779.524,48	421.201,59	11.200.726,07

En virtude do disposto nos artigos 158.2 en relación co 152.1 da Lei, e 38.3 en relación co 23.1 do Real Decreto citado, contra esta aprobación definitiva poderase interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

O Grove, a 30 de outubro de 2014. —O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2014009197

A N U N C I O

O Pleno municipal en sesión do 31 de xullo de 2014, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora dos procedementos para a intervención e control das obras, implantación de instalacións e actividades e servizos. Durante o prazo de exposición pública non se formulou reclamación ningunha contra esta, polo que resultou definitivamente aprobada e publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia para que entre en vigor.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada se pode interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS PROCEDEMENTOS PARA A INTERVENCIÓN E CONTROL NA EXECUCIÓN DE OBRAS, IMPLANTACIÓN DE INSTALACIÓN E ACTIVIDADES OU SERVIZOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É obxecto desta ordenanza a regulación dos procedementos que deben rexer a autorización, inspección e control da execución de obras, implantación de actividades e servizos e usos do chan no novo marco xurídico establecido pola Directiva 2006/123 CE, do 12 de decembro, desenvolvida pola Lei 17/2009, do 23 de decembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades e servizos e o seu exercicio, a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible, de 4 de marzo, a Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos e a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, de modo sistemático e coordinado coa regulación específica da ordenación do territorio, a normativa urbanística e ambiental, a seguridade cidadá e a orde pública vixentes no ámbito estatal e na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Directiva 2006/123 CE, do 12 de decembro, para a libre implantación de servizos nos distintos estados membros da Unión Europea ten como finalidade principal conseguir un mercado interior de servizos, e propón catro obxectivos principais para conseguir tal mercado: facilitar a liberdade de establecemento e a liberdade de prestación de servizos na UE, reforzar os dereitos dos destinatarios dos

servizos na súa calidade de usuarios, fomentar a súa calidade e establecer unha cooperación administrativa efectiva entre os estados membros. Iso obriga, pois, á simplificación dos procedementos e trámites aplicables ao acceso dunha actividade de servizos e ao seu exercicio, eliminando todos os obstáculos xurídicos e administrativos para o seu desenvolvemento.

Con esta finalidade, a norma europea establece un principio xeral segundo o cal o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio non estará suxeito a un réxime de autorización agás que esta estea xustificada por unha razón imperiosa de interese xeral, non sexa discriminatoria e sexa proporcionada. A súa aplicación supón un cambio importante para a intervención municipal nos actos dos administrados que tradicionalmente no ordenamento xurídico español estiveron suxeitos á concesión de licenza previa.

A Directiva 2006/123 trasponse ao noso ordenamento xurídico a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Esta última modifica a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e a Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, introducindo xunto ao réxime tradicional de licenzas e autorizacións previas o de actos comunicados e declaracións responsables, que, con carácter xeral, consisten na toma de coñecemento pola Administración do dereito preexistente dos administrados para a execución de determinadas obras e implantación e exercicio de determinadas actividades ou servizos, acreditando o cumprimento de certos requisitos previamente establecidos e o seu control a posteriori pola administración actuante.

A Lei 12/2012 de 26 de decembro establece os supostos e requisitos relativos ás comunicacións previas e declaracións responsables, de aplicación á execución de obras; así como o procedemento para a súa inspección e control pola administración actuante. Igualmente prevé a implantación de mecanismos de tramitación electrónica nas administracións públicas, de acordo co establecido pola Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos.

Este cambio normativo plásmase no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por canto afecta ás súas competencias exclusivas en materias nas que tradicionalmente o control da legalidade se exercía co sometemento de determinadas actuacións ao réxime de autorización previa ou licenza, a través da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, pola que se modifican diversas leis co seu correspondente desenvolvemento regulamentario.

Pola Lei 9/2013, de 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, establécese a non suxeición a licenza de actividade ou de apertura de establecementos das actividades e servizos para cuxa implantación e exercicio prevé a súa suxeición ao procedemento de comunicación previa, con carácter xeral. A súa disposición final terceira modifica a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, introducindo a posibilidade da realización de obras logo da comunicación previa da interesada, referindo a licenza urbanística aos supostos construtivos e de usos de maior transcendencia urbanística. Igualmente, e entre outras, a disposición adicional segunda modifica a Lei 17/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

Neste contexto, e coa finalidade de lles garantir, na medida do posible, a seguridade xurídica ás distintas partes implicadas na actividade de intervención administrativa para o control da legalidade de actos e actividades, esta ordenanza regula os procedementos establecidos para a obtención do título que habilita para a execución de obras e desenvolvemento de actividades ou servizos, sometidos ao control da legalidade que lle compete á Administración local, a priori, no caso das licenzas e, a posteriori, no caso das comunicacións previas e declaracións responsables.

Circunscríbese á regulación da formalidade procedemental que ha de observarse para a execución de obras e o desenvolvemento de actividades e servizos no termo municipal, polo que o contido material dos diversos institutos, requisitos e conceptos aos que alude veñen referidos á lexislación que os regula e establece.

A ordenanza estrutúrase en tres títulos divididos en capítulos.

O título I, disposicións xerais, cuxo contido é a determinación do obxecto e a clasificación dos actos administrativos, así como normas comúns aos distintos procedementos.

O título II regula as actuacións sometidas ao réxime de licenza urbanística e de actividade e os procedementos.

O título III refírese aos procedementos que se han de observar na tramitación das comunicacións previas e declaracións responsables, e as formas de control da legalidade urbanística por parte da Administración.

Completa a súa regulación cunha disposición transitoria, unha derogatoria e dúas finais. Acompañase o anexo, I, que contén as condicións xerais das licenzas.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

1. Esta ordenanza ten por obxecto a regulación dos procedementos de control da legalidade, intervención e inspección dos actos do uso do solo de natureza urbanística e implantación e desenvolvemento de actividades e servizos.

ARTIGO 2. DEFINICIÓNS

1. Nos termos da lexislación vixente, enténdese por
 - 1) «Licenza»: acto, expreso ou tácito, emanado do órgano competente do Concello que se esixa, con carácter previo, para a execución de obras, instalacións, usos do solo ou a implantación dunha actividade de servizos ou o seu exercicio.
 - 2) «Declaración responsable»: o documento suscrito por un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio.
 - 3) «Comunicación previa»: o documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, ao que acompañaran a documentación acreditativa do cumprimento da normativa que resulte de aplicación.

O exercicio de actividades vinculadas a un establecemento ou a implantación de instalacións nunha construción serán obxecto de comunicación previa.

ARTIGO 3. ACTIVIDADES SUXEITAS AOS PROCEDEMENTOS DE LICENZA, DECLARACIÓN RESPONSABLE E DE COMUNICACIÓN PREVIA

1. Intégranse no réxime de licenza todas aquelas obras ou actividades nas que se aprecien «razóns imperiosas de interese xeral» que pola súa natureza, esixan unha especial protección da orde urbanística ou do medio ambiente.
2. As actuacións non suxeitas ao réxime de licenza previa encóntranse sometidas ao réxime de comunicación previa nos termos previstos nesta ordenanza.

ARTIGO 4. ERRO NA CUALIFICACIÓN DO ESCRITO PRESENTADO

1. O erro en que poida incorrer o interesado á hora de asignar a obra ou actividade que pretende levar a cabo nalgún dos réximes de licenza ou comunicación previa non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que do seu contido se deduza o seu verdadeiro carácter. En tal caso, o Concello ditará unha resolución dándolle ao escrito en cuestión o carácter que lle

corresponda, o que se lle notificará ao interesado con expresión dos efectos derivados de tal circunstancia e da documentación que, de ser o caso, sexa precisa para continuar a súa tramitación.

2. En relación cos efectos sobre o cambio de réxime, indicaráselle ao interesado o seguinte:
 - a) Cando o interesado lle presentase ao Concello unha comunicación previa sendo o réxime apropiado o de licenza, requiriráselle a formalización da súa solicitude, advertíndolle que non poderá executar a obra nin implantar e desenvolver a actividade pretendida en tanto non a obteña. Se iniciase as obras ou instalacións ou comezase a actividade, requiriráselle o seu inmediato cesamento ou suspensión en tanto non se conceda a preceptiva licenza, sen prexuízo da incoación do correspondente expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador.
 - b) Cando o interesado solicitase unha licenza procedendo a comunicación previa, a Administración procederá de oficio a tramitála de acordo con este último réxime. En todo caso, o administrado poderá desistir da solicitude de licenza e proceder á comunicación previa.

ARTIGO 5. EFECTOS DAS LICENZAS, COMUNICACIÓNS PREVIAS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES

1. O outorgamento de licenza ou a presentación de declaracións responsables ou comunicacións previas producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e terceiros.
2. As licenzas entenderanse outorgadas deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Idénticos efectos producirá a presentación das comunicacións previas.
3. A comunicación previa presentada con todos os requisitos legalmente establecidos é un acto do administrado que habilita ao inicio da actividade ou apertura do establecemento, e, de ser o caso, ao inicio da obra ou instalación. O concello verificará as condicións de implantación e exercicio das actividades e as da execución das obras e instalacións. De constatare o incumprimento das condicións recollidas na comunicación procederase, logo da audiencia dos interesados, á declaración de ineficacia daquela ordenando o cesamento das actividades ou actuacións.
4. En ningún caso se entenderán adquiridos por estes procedementos dereitos en contra da lexislación ou planeamento urbanístico ou doutra normativa de carácter sectorial que resulte de aplicación.
5. A documentación que se achegue xunto á solicitude de licenza, as comunicacións previas e as declaracións responsables, así como o contido destas, terán o carácter de documento público para todos os efectos.
6. As administracións públicas suxeítanse ao control de legalidade, estando obrigadas a solicitar licenza ou formalizar comunicación previa para a execución de obras e implantación e desenvolvemento de actividades e servizos, a salvo das excepcións que legalmente se establezan.
7. Cando o promotor ou titular da actividade ou servizo sexa o propio Concello, a aprobación dos proxectos polo órgano competente determina a concesión da licenza ou a formalización da comunicación previa. No expediente que se tramite deberán constar os informes preceptivos sobre o cumprimento da normativa que resulte de aplicación.

ARTIGO 6. TRANSMISIÓN DE LICENZAS OU COMUNICACIÓNS PREVIAS

1. As licenzas, así como o exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas relativos ás condicións dunha obra, instalación ou servizo, serán transmisibles. Para que opere o cambio de titularidade, será preciso que acredite ante o Concello que a transmisión se produciu —coa achega da documentación correspondente—, a dispoñibilidade do local e o documento de cesión para tal fin o titular inicial, facendo expresa referencia á licenza ou comunicación previa de cuxa transmisión se trate.

2. Unha vez producida a transmisión, o novo titular subrogarase nos dereitos, obrigas e responsabilidades derivados da licenza concedida ou na comunicación previa cuberta.
3. Para as prestacións de servizos e exercicio de actividades, en tanto a súa natureza se vincula ás tradicionalmente denominadas "autorizacións de funcionamento" que xeran un vínculo permanente entre o titular do dereito e a Administración, o titular deberá acondicionar o local e cumprir os requisitos da actividade de acordo coa lexislación sectorial aplicable, en todo momento, nos termos e prazos que esta dispoña.
4. Non obstante o anterior, se a transmisión da licenza ou comunicación previa se producise sen que o anterior e o novo titular llo comunicasen ao Concello, ambos serán responsables do incumprimento da dita obrigación.
5. A inexactitude ou falsidade na comunicación de calquera dato, manifestación ou documento, determinará a imposibilidade de continuar no exercicio do dereito de que se trate.

TÍTULO II

DAS ACTUACIÓNS SOMETIDAS AO PROCEDEMENTO DE LICENZA

CAPÍTULO PRIMEIRO

RÉXIME XURÍDICO DAS LICENZAS

ARTIGO 7. OBXECTO E EFECTOS DA LICENZA

1. Nos termos legalmente establecidos, a licenza urbanística ou a licenza para o exercicio de actividades ou servizos é un acto regulado ditado polo órgano competente da Administración municipal polo cal, logo de comprobación das condicións establecidas pola lexislación aplicable, se autoriza o solicitante a executar as obras ou desenvolver as actividades ou servizos proxectados.
2. Non se poderán iniciar a execución das obras nin implantar as actividades ou servizos en tanto non se obteña a preceptiva licenza e presentase, se é o caso, a correspondente declaración responsable o facultativo competente.

ARTIGO 8. ALCANCE DO CONTROL MUNICIPAL SOBRE A SOLICITUDE DE LICENZA E DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

1. A intervención municipal a través da licenza urbanística ou licenza de actividade terá por obxecto a comprobación da integridade formal e a suficiencia legal do proxecto técnico e da documentación esixible para executar as obras ou implantar ou exercer a actividade ou servizo, así como verificar a conformidade do proxectado coa normativa urbanística e sectorial de aplicación, valorando, se é o caso, as medidas correctoras propostas e o seu grao de eficacia.
2. A intervención municipal a través da licenza urbanística non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións de montaxe de instalacións ou á calidade dos elementos ou materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa construtora ou instaladora.

ARTIGO 9. OBRIGACIÓNS DO TITULAR EN RELACIÓN CON OBRAS OU ACTIVIDADES AUTORIZADAS POR LICENZA

O titular da licenza está obrigado a realizar as obras ou implantar a actividade de conformidade cos termos desta, nos prazos establecidos e a solicitar, de ser o caso, a prórroga que corresponda.

ARTIGO 10. RÉXIME XURÍDICO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO EN SUPOSTOS DE SUXEIÇÃO A LICENZA

1. Cando para unha actuación suxeita a licenza se esixise, nun único procedemento e con carácter previo á licenza, autorizacións ou informes preceptivos e vinculantes doutras administracións, o prazo para outorgar licenza, e polo tanto para que opere o silencio administrativo, entenderase interrompido polo tempo que tarde en emitirse a autorización ou informe preceptivos.
2. Cando transcorresen os prazos sinalados para resolver a licenza sen que a Administración municipal adoptase unha resolución expresa, operará o silencio administrativo da seguinte forma:
 - a) Se a licenza solicitada se refire a actuacións que puidesen afectarlles a vías públicas, espazos libres ou a bens de dominio público local ou patrimoniais, entenderase denegada.
 - b) Se a licenza solicitada esixise unha autorización preceptiva previa doutra administración pública e transcorre o prazo do que esta dispón para pronunciarse, entenderase denegada, salvo que a lexislación sectorial de aplicación dispoña o contrario.
 - c) Se a licenza se referise a calquera outro tipo de actuacións, entenderase outorgada por silencio administrativo nos termos legalmente establecidos. Non operará en ningún caso o silencio cando o proxectado ou executado contraveña a lexislación urbanística ou non se presentase a documentación completa que lle permita á Administración pronunciarse sobre a legalidade do solicitado.

**CAPÍTULO SEGUNDO
ACTOS SUXEITOS A LICENZA****ARTIGO 11. ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS SOMETIDAS AO RÉXIME DE LICENZA URBANÍSTICA**

Sen prexuízo das demais autorizacións que sexan procedentes con arranxo á lexislación sectorial aplicable, están suxeitos a licenza urbanística todos aqueles actos de uso do solo, subsolo, voo, a implantación sobre eles de construcións, edificacións, instalacións, derribas do existente e calquera alteración que se execute no solo e subsolo, nos que, en aplicación da lexislación vixente, se dean «razóns imperiosas de interese xeral» para a protección do medio ambiente e da contorna urbana así como para a conservación do patrimonio histórico, artístico e cultural, en particular os seguintes:

1. Las parcelacións, segregacións, normalización de terreos ou calquera outro acto de división de predios en calquera clase de solos non incluídos en proxectos de reparcelación por calquera dos sistemas de xestión do solo.
2. Os grandes movementos de terra, obras de desmonte e explanación en calquera clase de solo non comprendidos en obras de edificación ou de urbanización aprobados, así como a extracción de áridos e explotación de canteiras.
3. A achega de terras que determinen cambios na configuración do terreo.
4. A talla de masas arbóreas, de vexetación arbustiva ou de árbores illados que polas súas características poidan afectarlle á paisaxe ou exemplares que estean protexidos, no caso de que a súa tramitación non se enmarque nun procedemento administrativo único cuxa resolución se atribúa a outra administración.
5. Las obras de nova planta, rehabilitacións integrais de edificios así como todo tipo de reformas en edificios existentes que alteren as súas determinacións fundamentais. Para estes afectos, entendese como alteración de determinacións fundamentais do inmovible aquelas modificacións que supoñan cambios de uso, lles afecten ás condicións de volume e forma dos edificios (incluído o cerramento ou acristalamento de terrazas existentes), á posición e ocupación do edificio na parcela, aos elementos estruturais do edificio, á edificabilidade, habitabilidade, ao número de vivendas, locais ou prazas de garaxe ou ás condicións de seguridade.

6. A modificación da estrutura ou aspecto exterior dos edificios. Para estes efectos enténdese por modificación do aspecto exterior dos edificios o conxunto de obras para realizar nas fachadas do edificio que afecten significativamente a elementos estruturais das fachadas, supoñan modificación de tipoloxía edificatoria ou cambio dos materiais da fachada, comporten modificacións de ocios ou composición do inmovible, etc. Non se inclúen neste concepto os traballos de mantemento, conservación, limpeza ou pintado de fachada.
7. As actuacións que se pretendan realizar en bens declarados de interese cultural ou incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia ou na súa contorna, así como tamén naqueles incluídos no catálogo do Plan Xeral ou no planeamento de desenvolvemento.
8. As obras que se pretendan realizar en edificios fóra de ordenación que requiran de proxecto arquitectónico.
9. A demolición das construcións e os edificios, agás nos casos declarados de ruína inminente.
10. As obras ordinarias de urbanización non incluídas en proxectos de urbanización e os demais actos que sinalen os instrumentos de planeamento urbanístico, incluso cando se trate da execución simultánea da urbanización coa edificación.
11. A realización de todo tipo de obras ou actuacións que se teñan que realizar en dominio público municipal ou que requiran a conexión con servizos urbanísticos municipais.
12. As actuacións que se pretendan realizar en terreos ou bens que esixindo a intervención do Concello precisen, ademais, de informes preceptivos ou autorizacións sectoriais doutras administracións cuxa lexislación así o estableza.
13. A execución de obras ou implantación de usos provisionais.
14. A realización de obras, construcións ou instalacións en solo rústico autorizables por licenza municipal
15. A primeira ocupación dos inmobles.
16. E, en xeral, todas aquelas obras ou actuacións asimiladas ás anteriores que non se encontren especificamente contempladas nos supostos anteriores nas que se aprecien «razóns imperiosas de interese xeral» en razón á natureza destas e da súa incidencia na protección do medio ambiente e do contorno urbano.

ARTIGO 12. ACTIVIDADES OU SERVIZOS SOMETIDOS AO RÉXIME DE LICENZA DE ACTIVIDADE

1. Con carácter xeral suprímese a suxeición a licenza dos actos vinculados á implantación e exercicio de actividades económicas, comerciais, empresariais, profesionais e industriais, a implantación de instalacións radioeléctricas e de telefonía e as de publicidade exterior, así como para a apertura ao público de establecementos. O título habilitante para o seu exercicio obterase coa formalización de comunicación previa, de acordo ao establecido nesta ordenanza.
2. En atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do medio ambiente e o patrimonio histórico-artístico, será preceptiva a obtención de licenza para a apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor; a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas ao establecemento de conformidade co establecido pola ordenanza que expresamente regule os usos en espazos públicos; a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles; a celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da comunidade autónoma, conforme ao procedemento que regulamentaria se estableza; a celebración dos espectáculos e festexos taurinos e a apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica esixa a concesión de autorización.

3. A solicitude de licenza resolverase no prazo de tres meses, que se computará desde o día en que conste a solicitude coa documentación completa nalgún dos rexistros de entrada de documentos legalmente previstos. Os requirimentos de documentación e de informes sectoriais suspenderán o prazo establecido para a resolución do solicitado, que volverá computarse tras a súa achega.
4. O transcurso do prazo establecido para a concesión da licenza determinará a súa adquisición por silencio administrativo se consta presentada a documentación completa que permitise resolver e a pretensión se axusta á normativa de aplicación ao tempo da solicitude.

CAPÍTULO TERCEIRO

PROCEDIMENTO XERAL PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS

ARTIGO 13. SOLICITUDE DE LICENZA E PRESENTACIÓN DE PROXECTO OU MEMORIA

1. As solicitudes de licenza deberán presentarse en calquera dos puntos habilitados legalmente para iso, acompañadas da documentación completa e necesaria, que lle permita á Administración coñecer con exactitude os extremos do proxectado e, en todo caso, significándose a referencia catastral do terreo.

Non obstante o anterior, a solicitude de licenza só comezará a surtir efectos desde o momento en que o correspondente escrito e o proxecto ou memoria así como a documentación esixida en cada caso tivesen entrada no Rexistro do Concello.

2. Na súa solicitude o interesado deberá indicar o domicilio para efectos de notificacións e o medio polo que desexe ser notificado de todas as actuacións sempre que este garanta a súa recepción.
3. Á solicitude de licenza acompañarase a documentación esixida en cada caso, así como un proxecto técnico suscrito por un técnico competente ou unha memoria explicativa da obra o actividade que se pretenda levar a cabo, co suficiente detalle para que poidan valorarse e interpretarse inequivocamente por parte da Administración no marco da súa función de control. Se fose exixible a autorización ou un informe preceptivo doutra administración pública con competencias concorrentes, o proxecto e documentación técnica entregarse por duplicado.
4. A documentación presentada, unha vez concedida a correspondente licenza, quedará incorporada a ela como condición material desta.

ARTIGO 14. SUPOSTOS DE SIMULTANEIDADE DE OBRAS E ACTIVIDADES

Nos casos en que unha das actuacións pretendidas se encontre sometida ao réxime de licenza e a outra ao réxime de comunicación previa, ou ben cando ambas as actuacións estean suxeitas ao mesmo réxime, actuarase do seguinte modo:

- a) Cando a actividade e a obra proxectadas estean sometidas ao réxime de licenza, solicitaranse simultaneamente e concederanse nun único acto administrativo. De proceder a denegación da licenza de actividade, non se entrará a valorar a de obra e así se lle comunicará ao interesado.
- b) Cando a actividade pretendida se encontre suxeita ao réxime de comunicación previa e a de obra ao réxime de licenza, achegarase coa solicitude de licenza de obras a comunicación previa formalizada e non poderán iniciarse as obras en tanto non se conceda. Concluídas as obras presentarase comunicación previa de inicio de actividade.
- c) Cando a actividade se encontre sometida ao réxime de licenza e a de obras ao de comunicación previa, esta última non adquirirá eficacia en tanto non se obteña a preceptiva licenza que habilite a implantación da actividade.

En ningún caso a execución das obras en réxime de comunicación previa sen obterse a licenza de actividade, autorización sectorial ou formalizarse a declaración responsable ou comunicación previa prevista, xerará responsabilidade da Administración.

- d) Cando a actividade ou servizo e a execución de obras pretendidos se encontren suxeitos ao réxime de comunicación previa deberán tramitarse simultaneamente. A non presentación da comunicación da actividade dará lugar á ineficacia da obra, sen que por un mero acto voluntario do administrado poida derivarse responsabilidade ningunha da Administración.

ARTIGO 15. CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS E MELLORA DA SOLICITUDE

1. Se os servizos municipais detectasen omisións, deficiencias ou imprecisións na documentación presentada que lle dá curso á solicitude, requirirase ao solicitante para que no prazo de 10 días complete, corrixa ou aclare aquelas, coa advertencia de que se así non o fixer, consideraráselle desistido da súa solicitude de acordo co previsto pola lexislación reguladora do procedemento administrativo común.
2. O interesado poderá solicitar a ampliación do prazo se no termo concedido non puidese corrixir a deficiencia. O prazo que se conceda non poderá ser superior ao sinalado inicialmente. A denegación da ampliación do prazo será motivada.
4. Cubrindo o interesado o requirimento de corrección ou presentada a mellora da súa solicitude, entenderase como data de inicio do expediente para todos os efectos a de entrada da documentación completa no rexistro do órgano competente para resolver.
5. A paralización do expediente por causa imputable ao interesado por un período superior a tres meses suporá, logo da advertencia ao interesado, a caducidade do procedemento e o arquivo do expediente.

ARTIGO 16. MODIFICACIÓNS AO PROXECTO PRESENTADO

Se antes de que se concedese a licenza se pretendesen modificacións ao proxecto presentado, e estas modificacións alterasen determinacións fundamentais ou significativas do proxecto (cambio ou incremento do aproveitamento urbanístico, volume, altura, ocupación en planta, número de vivendas, usos, accesos e afección ao ámbito), o interesado deberá solicitar unha nova licenza que se tramitará conforme á normativa vixente na data da nova solicitude.

ARTIGO 17. MODIFICACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO

1. Se durante a execución das obras ou implantación da actividade se previsen o producisen variacións que alteren significativamente o proxecto ou memoria ao que se refira a licenza outorgada, o titular está obrigado a solicitar unha nova licenza que ampare estas.
2. As modificacións que non alteren as condicións urbanísticas do proxecto para o que se concedeu a licenza, deberán documentarse con memoria e planos, se é o caso xunto á solicitude de primeira ocupación ou de funcionamento da actividade.

ARTIGO 18. INFORMES TÉCNICOS

Á vista da documentación presentada, os servizos municipais emitirán os informes técnicos e xurídicos preceptivos.

ARTIGO 19. RESOLUCIÓN

1. Unha vez emitidos todos os informes preceptivos e completo o expediente, formularase a proposta de resolución, que se elevará ao órgano competente para a adopción do acordo que corresponda.
2. A resolución poderá adoptar as seguintes formas: concesión pura e simple da licenza, concesión suxeita ao cumprimento das condicións legais establecidas, concesión con eficacia diferida para o caso de concederse sobre proxecto básico en tanto non se autorice o de execución, ou denegación da licenza.

3. O incumprimento das condicións legais específicas das licenzas que se reflectan expresamente na resolución de concesión e as de carácter xeral que acompañan o acordo de concesión, suporá a perda de eficacia das licenzas.
4. Para a tramitación da licenza establécese o prazo de tres meses.

ARTIGO 20. LICENZA CONCEDIDA CON RELACIÓN A UN PROXECTO BÁSICO

1. No caso de que a licenza se outorgase con relación a un proxecto básico, o seu titular está obrigado a presentar no prazo dos seis meses sinalado para o inicio das obras o proxecto de execución, se é o caso, o estudo de seguridade e saúde, o proxecto de telecomunicacións, o nomeamento da dirección facultativa das obras e do coordinador. No devandito prazo deberá obter a autorización deste e iniciar as obras.
2. Este prazo comezará a contar a partir da notificación da licenza outorgada sobre o proxecto básico. De non se presentar o proxecto de execución no prazo sinalado, procederá, logo de audiencia do interesado, a declaración da caducidade da licenza.
3. O proxecto de execución corresponderase co contido do básico autorizado. No caso de que este considere a execución de obras substancialmente diferentes das autorizadas, deberase tramitar unha nova licenza.

ARTIGO 21. PRAZOS PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS

1. Os prazos de inicio e finalización das obras determinaranse na licenza considerando as características destas, a súa localización e o alcance das de urbanización de execución simultánea. Establécense como prazos máximos o de seis meses para o inicio das obras e o de tres anos para a súa completa execución, no que se inclúen as obras necesarias para a conversión do terreo en soar, de ser o caso.
2. Os planos compútanse desde o día seguinte da data de notificación da licenza.
3. No prazo de seis meses, establecido para o inicio das obras, deberá obterse a aprobación do proxecto de execución, sen a cal non poderá comezarse a construción.

ARTIGO 22. PRÓRROGA DOS PRAZOS DE EXECUCIÓN

1. Os prazos establecidos nas licenzas para iniciar ou finalizar a execución das obras poderán prorrogarse a instancia do seu titular.
2. En calquera caso, a prórroga concederase por un prazo non superior ao inicialmente acordado.
3. Non procederá a concesión de prórroga para o inicio das obras cando no momento de resolverse resultase de aplicación unha normativa urbanística incompatible coas obras autorizadas que determinaría a situación de fóra de ordenación urbanística do edificio ou construción.

ARTIGO 23. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

1. Non se ocuparán os edificios sen a obtención da preceptiva licenza. A licenza de primeira ocupación dos edificios e de funcionamento de instalacións e actividades, ten por obxecto a comprobación da execución das obras e implantación das instalacións e usos de conformidade cos termos da licenza concedida.
2. Á solicitude da licenza de primeira ocupación, na que xunto aos datos do solicitante se indicará a numeración catastral do inmovible, acompañarase o certificado da dirección técnica das obras acreditativo da data da finalización desta se a súa execución de conformidade coa licenza concedida en todos os seus termos, así como a certificación das instalacións ás que se refire o Código Técnico da Edificación.

3. Comprobada a documentación achegada, os servizos técnicos municipais inspeccionarán as obras executadas, as conexións urbanísticas realizadas, ou, de ser o caso, as obras de urbanización executadas para a conversión simultánea da edificación da parcela en soar.
4. De se comprobar que as obras non se encontran completamente finalizadas, co recebado e pintado dos locais e baixos do edificio, acondicionadas as zonas de axardinamento, de ser o caso, ou que permanecen no terreo instalacións afectas ás obras, postes eléctricos ou casetas, suspenderase o procedemento e requirirase a súa retirada, e a execución de obras necesarias para a correcta finalización das obras en condicións de ornato público.
5. Os servizos urbanísticos e o viario público afectados polas obras encontraranse en correcto estado. Do contrario, suspenderase o procedemento e se requirirase a súa correcta reposición en condicións de seguridade, funcionalidade e ornato público.
6. A execución das obras sen se axustaren aos termos da licenza concedida dará lugar á denegación da licenza de primeira ocupación e á incoación do procedemento de reposición da legalidade, sen prexuízo do sancionador que corresponda contra os responsables da infracción.
7. A licenza de primeira ocupación comporta a autorización do garaxe en que se dispoñen as prazas de aparcamento, condición sine qua non para a concesión da licenza urbanística. O concello establecerá o procedemento adecuado para garantir o acceso ao garaxe ao tempo que se ocupa o inmovible.
8. A ocupación do inmovible sen a preceptiva licenza dará lugar á adopción das medidas cautelares necesarias para impedilo, en particular a orde de corte das subministracións de enerxía, auga e gas.

ARTIGO 24. CADUCIDADE E PERDA DE EFECTOS DAS LICENZAS URBANÍSTICAS

1. As licenzas caducarán, salvo causa de forza maior, nos seguintes supostos:
 - a) Cando non se iniciase a execución das obras e implantación das instalacións amparadas pola licenza no prazo de seis meses.
 - b) Cando non se cumprise o prazo de execución das obras determinado na licenza.
 - c) Cando se interrompese a execución destas por tempo superior a seis meses.
 - d) Cando transcorrese o prazo sinalado no acordo concesión da licenza sobre proxecto básico sen que se achegase o correspondente proxecto de execución.
2. A caducidade da licenza será declarada polo órgano competente para conceder a licenza, logo da audiencia co interesado, unha vez transcorridos e incumpridos calquera dos prazos mencionados anteriormente, cando non se acredite, no curso do procedemento, a intención da interesada na execución das obras. O ánimo de edificar acreditarase coa achega documental que asegure a contratación ou a data certa do inicio das obras e non se considerará como tal, para o efecto, a mera presentación de alegacións das que se infira a soa intención do mantemento en vigor da licenza.
3. A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non se podendo iniciar nin proseguir as obras ou exercer a actividade, salvo traballos de seguridade e mantemento dos cales se lle dará conta ao Concello para o seu control.
4. Declarada a caducidade da licenza poderá solicitar a persoa interesada unha nova licenza. Esta licenza tramitarase de conformidade coa normativa urbanística vixente na data da nova solicitude.
5. O incumprimento das condicións específicas e xerais das licenzas dará lugar á perda da súa eficacia e á reposición da legalidade urbanística vulnerada.

ARTIGO 25. REVISIÓN DE OFICIO DAS LICENZAS

1. As licenzas contrarias ao ordenamento urbanístico poderán ser revisadas a través dalgún dos procedementos de revisión de oficio contemplados nos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. Igualmente, poderán ser revisados de oficio os actos ditados na tramitación de comunicacións previas e declaracións responsables cando contraveñan a legalidade.

CAPÍTULO CUARTO**PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE LICENZAS DE ACTIVIDADES RECREATIVAS,
ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E CONTROL DAS SUXEITAS A AVALIACIÓN AMBIENTAL****ARTIGO 26. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE LICENZAS PARA ACTIVIDADES
RECREATIVAS, DEPORTIVAS E ESPECTÁCULOS PÚBLICOS**

1. Para a apertura de establecementos destinados a actividades recreativas e espectáculos públicos cuxa capacidade sexa superior a 500 persoas ou que presenten unha especial situación de risco, as que teñan carácter extraordinario, requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles, as que a súa normativa específica as suxeite á obtención de licenza previa e os espectáculos e festexos taurinos, formalizarase a solicitude de licenza que conterá os datos identificativos do titular da actividade ou organizador do evento, e, de ser o caso, da persoa que actúe en calidade de representante, así como a dirección para efectos de notificacións, física e telemática. Igualmente, consignaranse o enderezo exacto do local e as súas características.

En todo caso, indicárase a numeración catastral do inmovible.

Coa solicitude acompañarase a seguinte documentación:

- a) Proxecto técnico das instalacións proxectadas no local, con indicación da altura, superficie, división e usos das distintas estancias, de ser o caso, e a xustificación do cumprimento da normativa de protección contra incendios, as condicións de seguridade e hixiene no traballo, as de accesibilidade e as de protección contra a contaminación acústica, asinado por un técnico competente. O cumprimento da normativa de protección contra a contaminación acústica acreditarase de acordo co establecido pola ordenanza municipal que a regula.
 - b) Plan de emerxencia, plan de autoprotección, memoria de mobilidade ou estudo de avaliación da mobilidade xerada e dispositivo de asistencia sanitaria, redactados de conformidade coa normativa vixente, e sempre que os seus contidos non se incorporasen ao proxecto técnico a que se fai referencia no apartado anterior.
 - c) Compromiso de contratación dos seguros legalmente previstos.
 - d) Nomeamento da dirección técnica da execución do proxecto a quen corresponderá expedir a certificación acreditativa da adecuación do establecemento á licenza outorgada. Deberá consignarse o nome, o enderezo, a titulación e a habilitación profesional.
 - e) A solicitude da licenza urbanística, de ser o caso, acompañada pola documentación correspondente.
 - f) Pagamento das taxas de tramitación.
 - g) Documento acreditativo da alta no IAE ou a alta en obrigacións tributarias que acredite a identidade do epígrafe correspondente co da actividade solicitada.
 - h) Documento acreditativo da dispoñibilidade do local.
 - i) Copia da escritura da sociedade civil ou mercantil que se constituía co obxecto do desenvolvemento da actividade.
2. De non achegarse xunto coa solicitude as autorizacións sectoriais que de ser o caso procedan, requirirase a súa achega, quedando suspendido, para os efectos do cómputo do prazo previsto

para resolver, o procedemento de tramitación da licenza. Suspenderase igualmente durante o prazo de emisión dos informes sectoriais preceptivos. A denegación das autorizacións sectoriais impide a concesión da licenza. Os informes e ditames serán vinculantes en sentido negativo e en canto á imposición de condicións de licenza.

3. Recibida pola Administración a solicitude de licenza coa documentación completa, emitirase un informe urbanístico sobre o uso e as obras proxectadas, e o correspondente ás instalacións, protección contra incendios, contaminación acústica, accesibilidade e sobre o cumprimento da normativa sectorial de aplicación. De conformidade co informado poderáselle requirir ao solicitante a adopción de medidas correctoras con carácter previo á concesión da licenza, para cuxa achega conceder o prazo máximo dun mes, transcorrido o cal se continuará coa tramitación da licenza coa documentación existente no expediente.
4. Concluídas as actuacións, emitirase o preceptivo informe xurídico con proposta de resolución.
5. A licenza haberá de resolverse no prazo de tres meses por resolución motivada e conterá os datos identificativos do titular da actividade, do local e as súas condicións, superficie, capacidade e nivel de emisión acústica máximos autorizados, así como as do desenvolvemento ou exercicio da actividade. Igualmente haberán de constar as condicións especiais necesarias para o desenvolvemento da actividade en observancia da normativa sectorial de que se trate. De comprobarse o incumprimento destas, a licenza quedará sen efecto.
6. A licenza entenderase concedida por silencio cando se acompañou á solicitude a documentación completa requirida que lle permita á Administración pronunciarse sobre a legalidade do solicitado e iso non vulnere a lexislación vixente.
7. Implantada a actividade, o titular da licenza presentará no Rexistro municipal o certificado das instalacións, o certificado da empresa homologada en materia acústica indicativa das medidas implantadas e do sonógrafo instalado, con medición acústica realizada desde a fonte de emisión e nas zonas sensibles de recepción que puidesen verse afectadas. Se se executaron obras, achegarase o certificado final das obras, xunto coa comunicación previa do inicio de actividade.

O Concello inspeccionará o local para comprobar a eficacia das medidas correctoras e a conformidade do executado cos termos da licenza concedida. Se os técnicos municipais comprobasen a ineficacia ou inexistencia dalgunha das medidas correctoras, requiriráselle ao titular da actividade a súa corrección ou implantación, sen que poida exercer a actividade en tanto non se cumpra o ordenado. Transcorrido o prazo dun ano sen que se dispoñan as medidas acordadas, tramitarase a caducidade do expediente.

8. A licenza outorgada polo Concello será título suficiente para acreditar a actividade, condicións e características do establecemento público e deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso.
9. En todo momento a actividade e o local estarán suxeitos ao control e á inspección municipal, así como ao cumprimento da normativa sectorial que entre en vigor nos termos e condicións que esta estableza. De comprobarse o incumprimento das condicións das licenzas e autorizacións concedidas ou da normativa de aplicación, procederase a acordar o cesamento da actividade como medida cautelar á vez que se ordenará a adopción das medidas e requisitos legalmente previstos no prazo que se sinale. Non se poderá reiniciar a actividade en tanto non se comprobe o cumprimento do ordenado e así o acorde expresamente a Administración.
10. As licenzas de actividade poderán ser obxecto de transmisión sempre que exista entre a concedida ao transmitente e a proxectada polo adquirente unha identidade total da actividade e do local e as súas instalacións.

Coa solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) Documento de cesión do titular de la licenza ao novo adquirente ou, no seu defecto, documento acreditativo da perda da dispoñibilidade do local polo anterior titular (sentenza de desafuzamento ou lanzamento ou calquera outro documento que probe a perda da dispoñi-

- bilidade do local) ou acreditación do falecemento do anterior titular (certificado de defunción e declaración de herdeiros).
- b) Alta no IAE ou obrigacións tributarias na que se reflecta o epígrafe fiscal e o local afecto á actividade.
 - c) Copia do documento de constitución da sociedade civil ou mercantil e do seu representación legal, ou do DNI dos integrantes, de ser o caso
 - d) Documentos acreditativos do desenvolvemento da actividade durante o ano anterior á solicitude de transmisión.
 - e) Manifestación expresa de que se manteñen as condicións impostas nas licenzas concedidas e non se produciron cambios na actividade obxecto da licenza que se traspara.
12. As licenzas de actividade e apertura caducarán cando o establecemento permaneza pechado durante un período superior a un ano ou se, transcorrido o mesmo prazo desde a data da recepción da licenza, non se iniciase a actividade. Para tal fin tramitarase o correspondente procedemento contraditorio.
13. As licenzas extinguiranse por perda do obxecto, falecemento ou disolución do seu titular, se non se solicita a transmisión destas nun prazo que non poderá ser superior a un ano desde a data en que tales circunstancias tivesen lugar.
14. O incumprimento das condicións da licenza ou a falta de acondicionamento do local coa adopción das medidas correctoras necesarias para o desenvolvemento da actividade coas garantías de seguridade e erradicación de molestias legalmente establecidas producirán a perda de eficacia da licenza e o cesamento definitivo da actividade que se tramitará por procedemento contraditorio.
15. Procederá a revogación das licenzas cando se modifiquen substancialmente ou desaparezan as condicións segundo as que foron concedidas, pola concorrencia de circunstancias sobrevidas que determinasen a súa denegación ou por aplicación dunha sanción firme.

O procedemento haberá de resolverse no prazo de seis meses logo de audiencia coa persoa interesada.

ARTIGO 27. PROCEDIMENTO PARA O CONTROL DE ACTIVIDADES SUXEITAS Á NORMATIVA DE AVALIACIÓN AMBIENTAL

1. Os proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental regularanse pola normativa sectorial correspondente e non estarán suxeitos á declaración de incidencia ambiental.
2. Someteranse ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental as instalacións e actividades relacionadas na normativa que estableza a súa suxeición.
3. A declaración de incidencia ambiental tramitarase ante a consellería competente en materia de medio ambiente. O Concello remitiralle ao órgano ambiental correspondente os informes que se lle soliciten.

Non poderán formalizarse comunicacións previas ante a Administración se non se achega a declaración de incidencia ambiental.

Se se considera emitida con carácter favorable por silencio administrativo, acompañarase a solicitude presentada no rexistro de entrada correspondente acreditativa da data e lugar de presentación, así como da documentación que a acompañou. Sen prexuízo disto, o Concello pediralle un informe do órgano ambiental. Se este se emitise en sentido desfavorable, procederase á suspensión dos efectos da comunicación previa e á do exercicio da actividade.

4. As persoas interesadas poderán solicitar informes previos á tramitación das licenzas co obxecto de coñecer tanto a admisibilidade urbanística do uso como a suxeición ou non ao procedemento de avaliación ambiental, non resultando vinculante, neste último caso, o informado para a consellería competente.
5. As modificacións que se operen nas instalacións, locais e construcións afectas á actividade sometida á declaración de incidencia ambiental, así como os cambios que se produzan na

persoa titular da actividade, obrigan á presentación de comunicación previa acompañada do proxecto técnico que documente as modificacións pretendida, ou, de ser o caso, a documentación acreditativa do cambio de titularidade.

As modificacións substanciais que supoñan incrementos superiores ao 50% da capacidade produtiva, das materias primas empregadas, incremento do consumo de auga ou enerxía ou do vertido de augas residuais; incrementos superiores ao 25% de emisións de contaminantes atmosféricos, dalgún produto contaminante ou da suma total de contaminantes emitidos, ou a incorporación ao sistema de produción da mesma porcentaxe de substancias perigosas; a implantación de novos focos de emisión catalogados, obrigan á obtención dunha nova Declaración de incidencia ambiental. O mantemento destes límites será observado durante o tempo de desenvolvemento da actividade.

O Concello poderá requirirle en calquera momento ao titular da actividade, a achega de informes con certificado de inspección, que serán expedidos por facultativos debidamente cualificados ou entidades debidamente homologadas.

CAPÍTULO QUINTO

PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA OU MEDIOAMBIENTAL DE OBRAS OU ACTIVIDADES SUXEITAS A LICENZA

ARTIGO 28. CONTROL MUNICIPAL SOBRE AS OBRAS OU ACTIVIDADES SUXEITAS A LICENZA

1. O Concello exercerá todas as súas funcións de control da legalidade sobre as obras ou actividades suxeitas a licenza.
2. O control municipal sobre a execución das obras sometidas ao réxime de licenza axustarase aos termos establecidos na lexislación urbanística sobre protección da legalidade urbanística.
3. O mesmo réxime de control municipal exercerase sobre o exercicio de actividades, tanto no relativo á protección da legalidade urbanística e medioambiental como ao control dos requisitos da actividade e condicións do establecemento de acordo coa normativa sectorial de aplicación nos termos que esta determine, durante o período de vixencia da licenza.

TÍTULO III

DAS ACTUACIÓNS SOMETIDAS AO RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA

CAPÍTULO PRIMEIRO

RÉXIME XURÍDICO COMÚN DAS ACTUACIÓNS SOMETIDAS AO PROCEDIMENTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA

ARTIGO 29. OBXECTO E EFECTOS DA PRESENTACIÓN DA DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA

1. Nos termos legalmente establecidos, tanto a declaración responsable como a comunicación previa é o acto polo que a persoa interesada formaliza ante a Administración, mediante o modelo que se pon á súa disposición telematicamente ou nas oficinas de información e rexistro a súa intención de exercer un dereito previamente recoñecido acreditando o cumprimento dos requisitos establecidos para tal fin, ou de exercer unha actividade ou servizo nun establecemento determinado do territorio municipal ou a execución de obras nestes. Ao escrito formalizado deberá obrigatoriamente acompañarse a documentación esixida en cada caso, de acordo co indicado no modelo formalizado.

2. Coa presentación da declaración responsable ou comunicación previa iníciase a actividade da Administración no exercicio das súas competencias de control da legalidade e de policía, que se realizará a posteriori.
3. O exercicio destes dereitos atópase supeditado á presentación, xunto ao modelo formalizado, da documentación establecida para cada tipo de obra, actividade ou servizo. Unha vez presentada, terá a consideración de documento público, para todos os efectos, e os declarantes e comunicantes haberán de responder da veracidade e exactitude dos datos consignados.
4. A presentación dunha declaración responsable ou comunicación previa non fornecerá efectos nos seguintes casos:
 - a) Cando non acompañase ao modelo formalizado a documentación de carácter esencial esixida en cada caso.
 - b) Cando do contido das pretensións comunicadas ao Concello polo interesado se derivase o seu sometemento a licenza ou autorización previa.
 - c) Cando para a execución das obras ou a implantación da actividade ou servizo fose preceptivo un informe ou autorización previa doutros organismos públicos que non se achega no momento de formalizar a declaración ou comunicación.
 - d) Cando a actuación efectivamente desenvolvida polo interesado sexa contraria á normativa de obrigada observancia.
5. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á declaración responsable ou comunicación previa, ou a súa falta de presentación ante a Administración municipal determinará, logo da audiencia do interesado, a imposibilidade de iniciar ou de continuar co exercicio do dereito a executar as obras ou actuacións pretendidas ou a desempeñar a actividade manifestada, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar.

ARTIGO 30. CONTIDO DA FUNCIÓN INSPECTORA MUNICIPAL

1. Nos supostos de actuacións sometidas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa, a Intervención municipal circunscribirase ao exame da documentación presentada, a súa integridade formal, a suficiencia legal do proxecto técnico, memoria ou calquera outra documentación esixible para executar as obras e implantar a actividade e a verificar a súa conformidade coa legalidade urbanística e a normativa sectorial de aplicación.
2. Con posterioridade á execución das obras e implantación da actividade ou servizo, o Concello comprobará a conformidade daquelas coa documentación presentada. Os servizos municipais procederán á inspección das obras, instalacións e actividades na orde que en cada caso se estableza segundo os instrumentos de control de que se dispoña. Non se realizará, con carácter xeral, emprazamento previo.

No entanto, a persoa interesada poderá solicitar da Administración a verificación da inspección das obras, instalacións e actividades ou servizos.
3. A inspección inicial realizarase no prazo de seis meses desde a data da formalización da comunicación previa. Para o desenvolvemento de actividades e servizos de duración indeterminada, os seus titulares están obrigados ao mantemento dos requisitos e condicións comunicados para o seu exercicio, polo que se atopan sometidos á inspección permanente da administración competente.

Do resultado da inspección daráselle traslado á persoa interesada.

ARTIGO 31. OBRIGAS DO TITULAR EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE OBRAS OU EXERCICIO DE ACTIVIDADES SOMETIDAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA

1. O titular dos dereitos derivados dunha declaración responsable ou comunicación previa está obrigado a executar as obras e implantar as actividades ou servizos nas condicións contidas na documentación presentada.
2. As persoas titulares de actividades e servizos están obrigadas a facilitar o labor inspector da Administración, para o que haberán de poñer á disposición dos inspectores e da Administración as certificacións das instalacións; certificado de inspección técnica e de final de obra, asinados por un técnico competente, acreditativos do axuste do establecemento e das instalacións ao establecido no proxecto técnico da actividade que acompaña as comunicacións previas; certificado de medición de illamento acústico do establecemento por unha empresa homologada para actividades susceptibles de xerar ruídos, (academias de baile, música e canto, centros veterinarios, ximnasios, garderías e centros de lecer infantil, centros relixiosos e culturais, e actividades vinculadas á hostalería, restauración e lecer); copia da inscrición da instalación no rexistro de instalacións correspondente dos aparellos susceptibles de producir calquera tipo de radiación, (raios X en consultas e clínicas, solarios en centros de bronceado ou estéticos etc.), entre outras.

CAPÍTULO SEGUNDO**PROCEDIMENTO DE COMUNICACIÓN PREVIA****ARTIGO 32. COMUNICACIÓN DE EXECUCIÓN DE OBRAS OU IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE**

1. Con carácter previo á execución de obras ou inicio de actividades e servizos coa apertura dun local ou establecemento, as persoas interesadas deberán comunicarlle á Administración os seus datos identificativos, os da actividade e as características do local ou establecemento, que acreditarán coa documentación esixible de conformidade de acordo ao sinalado no modelo normalizado que a Administración porá á súa disposición e a autorización ou declaración ambiental que proceda e os informes ou as autorizacións sectoriais preceptivas. A comunicante responderá da veracidade dos datos consignados e da documentación achegada, así como do cumprimento da lexislación urbanística e normativa sectorial de aplicación.
2. A documentación esixible virá determinada polo alcance das obras e o obxecto das actividades ou servizos.
3. Non se poderá comezar a execución das obras ou o exercicio dunha actividade ou servizo en tanto non se lle acompañe ou achegue á comunicación previa a documentación completa que proceda en cada caso, nos termos establecidos nesta ordenanza.

Non poderán executarse as obras vinculadas á implantación dunha actividade ou servizo en tanto non se obteña a licenza de actividade ou se presente a comunicación previa respecto da actividade ou servizo. Se as obras comunicadas fosen inútiles por non ser autorizable o uso proxectado, non se xerará responsabilidade da Administración.

Executadas as obras necesarias para a implantación da actividade ou servizo, presentarase a comunicación previa de inicio de actividade, á que se acompañarán os certificados acreditativos da súa finalización de acordo coa documentación achegada.

4. Para cada actuación presentarase unha única comunicación previa. A presentación de diferentes escritos e comunicacións relativos a distintas obras para un mesmo local, vivenda, edificio ou construción, dará lugar a que se requira a modificación da comunicación para que se incorpore e documente a actuación integral.
5. A modificación das condicións dos establecementos das do exercicio da actividade ou servizo obriga á presentación dunha nova comunicación previa. Igualmente, nos casos de transmisión da titularidade da actividade ou servizo, presentarase a correspondente comunicación previa.

ARTIGO 33. CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS E MELLORA DA COMUNICACIÓN PRESENTADA

1. Se os servizos municipais detectasen omisións, deficiencias ou imprecisións na comunicación da persoa interesada ou na documentación que se achega a este, requiriráselle para que no prazo de 10 días as complete, emende ou aclare, coa indicación de que, entre tanto, os efectos da comunicación previa quedan suspendidos. Transcorrido o devandito prazo sen que se presente a documentación requirida, a comunicación formulada polo interesado quedará sen efectos e incoarase un expediente de reposición da legalidade e sancionador de comprobarse a execución da obra ou a implantación da actividade ou servizo.
2. O interesado poderá solicitar a ampliación do prazo se este resultar insuficiente para emendar a deficiencia. A denegación da ampliación de prazo será motivada.
3. Cuberto polo interesado o requirimento de corrección e mellora da comunicación, alzarase a suspensión acordada e entregaráselle o escrito de recepción municipal do comunicado.

ARTIGO 34. SUSPENSIÓN CAUTELAR

1. Presentada a documentación completa, os servizos municipais realizarán unha comprobación inicial desta mesma polos técnicos municipais. Se do seu contido se puidesen derivar dúbidas sobre a legalidade urbanística do local, edificio, instalación ou construción sobre a que se proxecta a execución de obras ou implantación de actividades, suspenderase o obxecto da comunicación por un prazo de dez días con carácter cautelar e daráselle traslado á persoa interesada. Transcorrido o prazo sinalado, a Administración resolverá sobre a existencia ou non de irregularidades urbanísticas.
2. De comprobarse a inexistencia de irregularidades, notificaráselle ao interesado un escrito de recepción do comunicado.

En caso contrario, comprobada a existencia de infraccións urbanísticas previas ao acto de comunicación sobre o local ou construción obxecto desta, incoarase o procedemento de reposición da legalidade, suspendéndose, en todo caso, a execución de obras ou implantación de actividades en tanto este non se resolva.

3. Igualmente, procederase á suspensión da execución de obras ou do exercicio da actividade ou servizo cando do labor inspector resulte comprobada a existencia de desconformidades ou desaxustes entre o comunicado e o executado ou a comisión dunha infracción urbanística, en tanto se resolvan os correspondentes procedementos de reposición da legalidade ou sancionador.

ARTIGO 35. PRAZOS PARA EXECUTAR AS OBRAS OU IMPLANTAR AS ACTIVIDADES OU SERVIZOS

1. Establécese o prazo de quince días, como mínimo, para o inicio das obras comunicadas. Durante este, os servizos municipais comprobarán a adecuación da documentación achegada así como o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial daquelas.
2. O prazo máximo establecido para executar as obras será de seis meses. Igual prazo establécese para a implantación de actividades ou servizos. Este prazo compútase desde a data da presentación da comunicación previa.
3. O prazo establecido na comunicación previa para a execución das obras ou implantación de actividades ou servizos poderá prorrogarse por pedimento do titular, sempre que se realice con anterioridade á conclusión dos prazos expresamente establecidos naquelas. Para tal fin, deberá formalizarse a correspondente comunicación previa, á que se acompañará a documentación acreditativa do estado das obras ou instalacións.
4. En calquera caso, a prórroga só se concederá por unha soa vez e por un prazo non superior ao inicialmente fixado.

ARTIGO 36. EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS

1. O título habilitante para o exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas extinguirase polas mesmas causas que as establecidas para os actos administrativos.
2. O título habilitante derivado do exercicio das competencias da Administración local de control de legalidade que comporta a formalización das comunicacións previas poderá declararse caducado nos seguintes casos:
 - a) Cando non se executasen as obras ou implantasen as actividades e servizos no prazo fixado na comunicación previa ou no de seis meses.
 - b) Cando se interrompese o exercicio da actividade durante o prazo dun ano.
 - c) No caso da prestación de servizos ou exercicio de actividades para cuxa implantación fora necesaria a execución de obras e instalacións no establecemento afecto, cando non se iniciase a actividade nos seis meses seguintes á finalización das obras ou implantación das instalacións.
3. En todo caso, a caducidade declararase logo da audiencia do interesado.
4. A declaración de caducidade imposibilitará o inicio ou execución das obras ou o exercicio da actividade, agás traballos de seguridade e mantemento dos cales se lle dará conta ao Concello para o seu control, e obrigará á tramitación dunha nova comunicación previa.

ARTIGO 37. REVISIÓN DE OFICIO DAS ACTUACIÓNS DECLARADAS OU COMUNICADAS

1. O exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas contrarios ao ordenamento xurídico poderán ser revisados a través dalgún dos procedementos de revisión de oficio contemplados nos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. O inicio do prazo para o exercicio destas facultades computarase desde o día en que se presentou no Rexistro do Concello a comunicación previa ou, se for o caso, calquera outra modificación presentada posteriormente.

ARTIGO 38. ACTOS E ACTIVIDADES SUXEITAS AO PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN PREVIA

1. A implantación e o desenvolvemento de actividades e servizos económicos, empresariais, profesionais e comerciais e a apertura de establecementos cando non concorran as circunstancias previstas para a súa suxeición a licenza. En ningún caso se seguirán por este procedemento aqueles que estean sometidos ao réxime de licenza por lles afectaren á orde urbanística, á protección do patrimonio histórico, artístico, cultural e medioambiental, á orde pública ou ao control previo doutras administracións con competencias en materia sectorial por razóns imperiosas de interese xeral.
2. Os actos de uso do solo e do subsolo que a lexislación urbanística non someta á obtención de licenza urbanística e os que, de ser o caso, se establezan legalmente.

CAPÍTULO TERCEIRO**RÉXIME DA DECLARACIÓN RESPONSABLE****ARTIGO 39. ACTUACIÓNS SUXEITAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE**

1. Están suxeitas ao réxime de declaración responsable as actividades derivadas do exercicio propio de facultativos e prestadores de servizos para os que se precise unha determinada titulación académica, formación técnica concreta ou especializada ou o cumprimento dos requisitos necesarios que habiliten para o exercicio daquelas cando para iso non se habilite un establecemento físico concreto.
2. A achega de certificados oficiais e colexiais referidos ao cumprimento dos requisitos sinalados en procedementos de licenzas ou comunicacións previas eximirán aos facultativos e profesionais da presentación de declaración responsable.

CAPÍTULO CUARTO**PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, MEDIOAMBIENTAL E SECTORIAL DAS OBRAS
OU ACTIVIDADES SUXEITAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA****ARTIGO 40. CONTROL MUNICIPAL SOBRE AS OBRAS OU ACTIVIDADES SUXEITAS A DECLARACIÓN
RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA**

1. O Concello exercerá as súas competencias para o control da legalidade de obras e actividades suxeitas a comunicación previa ou o exercicio de dereitos suxeitos a declaración responsable de conformidade co establecido pola lexislación urbanística, medioambiental e sectorial que resulte de aplicación.
2. O procedemento para a reposición da legalidade vulnerada pola execución de obras sometidas ao procedemento de comunicación previa axustarase aos termos establecidos na lexislación urbanística.
3. O mesmo seguirase cando a reposición da legalidade se refira ao exercicio de actividades e servizos.
4. O exercicio de actividades sen que o interesado presentase a correspondente declaración responsable ou comunicación previa asimílase ao exercicio de actividades sen licenza.
5. Sen prexuízo da tramitación do procedemento para a reposición da legalidade, tramitarase o procedemento sancionador correspondente, atendendo á tipificación legalmente establecida pola lexislación urbanística, sectorial, medioambiental e de policía, con arranxo ao previsto polo regulamento regulador do exercicio da potestade sancionadora das administracións públicas.

CAPÍTULO QUINTO**PROCEDEMENTO ABREVIADO DE LICENZA DE OBRAS MENORES. ART.195.5 BIS DA LOUGA****ARTIGO 41.**

Sen prexuízo do establecido nos diferentes apartados desta ordenanza e para os efectos de lles dar cumprimento ás prescricións legais, establecerse un sistema abreviado para a concesión de licenza de obras menores no mesmo momento da súa solicitude.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Única. As comunicacións e declaracións formuladas polos interesados tramitaranse polo réxime previsto nesta ordenanza a partir da súa entrada en vigor.

As solicitudes que se presentasen con anterioridade para actos e actividades susceptibles de comunicación previa e declaración responsable poderán tramitarse de acordo co procedemento previsto para estas, logo da desistencia da licenza en trámite.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas a ordenanza municipal de tramitación de actividades publicada no BOP de Pontevedra do 27 de xuño de 2012, así como cantas disposicións municipais contradigan o seu contido.

DISPOSICIÓN FINAIS**PRIMEIRA. NATUREZA XURÍDICA DOS ANEXOS**

Os anexos que se incorporan esta ordenanza non teñen carácter regulamentario e, polo tanto, o seu contido pode ser ampliado ou modificado por un acordo da Xunta de Goberno Local.

SEGUNDA. ENTRADA EN VIGOR

A entrada en vigor da presente ordenanza producirase conforme o establecido no art. 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

ANEXO I
CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENZAS

Xunto ás condicións específicas sinaladas para a licenza concreta á que se refire a licenza han de se cumprir as seguintes:

1. EN PARCELAS QUE CONTAN COA CONDICIÓ DE SOAR

- A) Os promotores deberán cumprir os deberes establecidos para os propietarios de solo urbano consolidado contemplados no artigo 19 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, pola que se aproba a ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- B) Observaranse as condicións xerais que se sinalan para as instalacións de acondicionamento da edificación e condicións de urbanización e infraestruturas.
- C) A reposición das infraestruturas e obras de urbanización afectadas pola execución da edificación encontraranse finalizadas, acondicionadas e en perfecto funcionamento ao tempo da conclusión das obras de edificación.

2. EN PARCELAS QUE NON CONTAN COA CONDICIÓ DE SOAR

- A) Con carácter previo ao inicio das obras, de ser o caso, xunto ao proxecto de execución, deberá presentar a escritura de segregación da parte de soar que por estar afectada por vías foi obxecto da Acta de Cesión formalizada con carácter previo á concesión da licenza, na que se fará constar a súa cesión a favor do Concello, con advertencia de que esta deberá estar outorgada polo titular rexistral e inscribirse no Rexistro da Propiedade.

A dita parcela deberá quedar perfectamente identificada con descrición literaria e gráfica, indicando a superficie e a súa concreta localización, debendo figurar no plano as aliñacións oficiais.

- B) As obras de urbanización asustaranse ás documentadas na licenza e, de ser o caso, ás condicións xerais establecidas.
- C) A construción e a urbanización efectuaranse conxuntamente, baixo a supervisión dos facultativos municipais, a quen se lles comunicará previamente o inicio das obras.

A urbanización alcanzará non só as obras que afecten a fronte de fachada ou fachadas do terreo sobre o que se pretende construír, senón a todas as infraestruturas necesarias para que poidan prestarse os servizos públicos correspondentes, ata o punto do enlace coas redes xerais e viarias que estean en funcionamento, logo da solicitude de licenza de gabias e acometida da rede de sumidoiros, que se formularán nun impreso normalizado independente, que garanta a supervisión das obras pola Área de Infraestruturas deste concello.

O incumprimento do anterior comportará os efectos previstos no art. 40.3 do Regulamento de xestión urbanística.

3. LICENZAS DE DERRUBAMENTO SEN CONSTRUCIÓN

- A) Cando se produza o derrubamento de calquera predio, sen que se prevexa una construción inmediata, será obrigatorio o cerramento deste, coas condicións e características establecidas pola normativa de aplicación, situándoo, igualmente, no aliñamento oficial. Tal cerramento deberá levarse a efecto nun prazo máximo dun mes contado a partir da finalización da demolición.
- B) Os predios ou terreos deberán conservarse en condicións de salubridade, seguridade e ornato público en todo momento

4. LICENZAS VINCULADAS Á IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADES

- A) Cumprirán simultaneamente as condicións sinaladas para a implantación da actividade de que se trate e as da edificación específicas e xerais.
- B) Na construción de inmobles nos que se proxecte a execución de locais e establecementos de carácter non residencial e para os que non se estableza un uso concreto na licenza urbanística, deberán obter as correspondentes licenzas de actividade. Para iso, lémbrese que os locais que se destinen a pública concorrencia deben ter un itinerario practicable ou accesible de acordo co disposto no Decreto 35/2000 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de las barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, normativa DBSI, Código Técnico de la Edificación, ou a normativa que de ser o caso regule os seus requisitos.
- C) Os garaxes que alberguen as prazas de estacionamento de obrigatoria previsión en cumprimento do estándar urbanístico non constitúen actividade, non obstante deberán cumprir as condicións sinaladas no punto anterior e non poderán os propietarios non poderán variarlas no seu uso.

5. OCUPACIÓN DOS INMOBLES E FUNCIONAMENTO DE ACTIVIDADES

- A) Non se ocupará o edificio ata que se obteña a licenza municipal de primeira ocupación, a cal será solicitada polo interesado ao finalizar as obras, acompañada dunha Certificación Facultativa acreditativa de que o edificio construído se axusta ao proxecto baseándose no que foi concedida a licenza, cumpre coa normativa de habitabilidade, accesibilidade e a sectorial de aplicación.
- B) Para o funcionamento das actividades autorizadas e o uso das prazas de estacionamento de obrigatoria dotación, achegaranse os certificados das instalacións.
- C) A licenza de primeira ocupación virá condicionada pola perfecta reposición dos servizos urbanísticos afectados polas obras de edificación, estimándose oportuno que o recheo dos trasdoses dos muros sexa efectuado con material seleccionado e non con materiais procedentes da edificación e que se compacte a explanada correctamente coa maquinaria adecuada.


Así mesmo, requirirase unha autorización ou informe favorable das acometidas á rede de sumidoiros, a conexión á rede de abastecemento e á que subministra enerxía eléctrica, por parte das pertinentes empresas subministradoras.
- D) Para a tramitación de licenzas de actividade nos locais previstos no proxecto sen uso específico deberá obterse a licenza de primeira ocupación despois da inspección técnica do cumprimento na construción destes das condicións da licenza e da correcta conexión das instalacións, infraestruturas e acabado ou reposición das obras de urbanización.

6. CONDICIÓNS DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL

- A) A xestión dos residuos resultantes da obra tramitarase de conformidade co disposto polo RD 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- B) Terase en conta o Real decreto 1829/1999, do 3 de setembro (BOE 313, do 31 de decembro de 1999) polo que se regula a prestación de servizos postais ou aquela que entre en vigor con posterioridade.
- C) O axuste obrigatorio ao Real decreto 1314/1999, sobre ascensores só será esixible se o proxectado responde ao contido da citada normativa. Noutro caso o axuste será opcional, debendo sempre observarse, se se opta por outra solución, o cumprimento da lexislación existente en máquinas (reais decretos 1435/1992 e 56/1995 e os que sexan de aplicación ao respecto no momento da obtención da licenza).

ANEXO II

MODELOS FORMALIZADOS DE COMUNICACIÓN PREVIA

		SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA AO INICIO DE ACTIVIDADE/ EXECUCIÓN DE OBRAS		(SELO DO REXISTRO)	
NUM. REF.					
1. SOLICITANTE					
APELIDOS		NOME		DNI/NIF	
DOMICILIO					
RUA, AVENIDA, PRAZA...		NUM.	LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
TELEFONO			CORREO ELECTRONICO		
ENDEREZO QUE SOLICITA PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
RUA, AVENIDA, PRAZA...		NUM.	LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
TELEFONO			CORREO ELECTRONICO		
2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE					
DESCRICIÓN:					
SUPERFICIE LOCALm ²			GRUPO OU EPIGRAFE FISCAL DA ACTIVIDADE		
3. SITUACIÓN					
RUA, AVENIDA, PRAZA...			NUM.	PLANTA	
REFERENCIA CATASTRAL					

Poño no seu coñecemento os meus datos identificativos e achego a seguinte documentación acreditativa dos requisitos esixibles para o exercicio da actividade/inicio da obra e instalación:

- a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- b) Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- c) Declaración de que se cumpre con todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalación reúnen as condicións de seguridade, salubridade e demais previstas no plan urbanístico.
- d) Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación (boletín de instalación eléctrica debidamente dilixenciado ou documento equivalente, contrato de mantemento dos medios de protección contra incendios etc.)
- e) A autorización ou declaración ambiental que proceda de ser o caso.
- f) As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

ACTIVIDADE: e comunico que iniciarei a actividade o día.....(en caso de non indicar data entenderase a partir do mesmo día da presentación da solicitude).


OBRA: e comunico que iniciará a obra o día.....(en caso de non indicar data non poderá iniciarse nun prazo inferior a 15 días hábiles desde a presentación da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver)

O Grove,de.....de 20.....

.....
(Sinatura do/a solicitante)

ALCALDE DO CONCELLO DO GROVE

ADVÉRTESELLE que, consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Grove relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro xeral.

 <p>ILMO. CONCELLO Grove www.concellodogrove.com</p>	SOLICITUDE DE DECLARACIÓN RESPONSABLE	(SELO DO REXISTRO)
Núm. exp.	Documento no cal o interesado manifesta, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que cumpre os requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou para o inicio dunha actividade.	

1. SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI / NIF	
DOMICILIO					
RÚA, AVENIDA, PRAZA...	NÚM.	LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO			
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
RÚA, AVENIDA, PRAZA...	NÚM.	LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO			

2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

DESCRICIÓN	
SUPERFICIE LOCAL:	GRUPO OU EPÍGRAFE FISCAL DA ACTIVIDADE

3. SITUACIÓN

RÚA, AVENIDA, PRAZA...	NÚM.	PLANTA
REFERENCIA CATASTRAL		

DECLARO baixo a miña exclusiva responsabilidade que é certo o que manifesto e que achego a seguinte documentación que acredito:

- [Que as características indicadas reflicten fielmente as actividades ou instalacións que se van desenvolver.
- [Que dispón de servizos de hixiene de acordo co establecido nas normas aplicables.
- [Que a instalación eléctrica se axusta ao Regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- [Que a actividade dispón de extintores, iluminación de emerxencia e sinalización segundo o disposto na normativa vixente.
- [Que a actividade cumpre coas normas de accesibilidade.
- [Que cumpriran os requisitos relativos ás medidas hixiénico-sanitarias.
- [Que se cumpriran os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
- [Que a actividade dará cumprimento íntegro á normativa municipal do Concello do Grove.
- [Que non se van realizar obras suxeitas ao deber previo de obtención de licenza.
- [Que o local non conta con instalacións audiovisuais ou musicais nin ningunha fonte sonora non contemplada na documentación técnica ou que non puidese dar lugar á inclusión da actividade como molesta.
- [Que conta coas autorizacións sectoriais que lle resulten necesarias para o exercicio da actividade.
- [Xustificación da autoliquidación da taxa correspondente.

Ademais:

- [Que cumprirei os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterei as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio.
- [Que, ao tratarse dunha actividade continuada, me axustarei ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor logo da obtención das autorizacións que, de ser o caso, resulten necesarias para tal finalidade.

E COMUNICO que inicio ou iniciarei a actividade o día..... (en caso de non indicar unha data, entenderase a partir do mesmo día da presentación da solicitude).

O Grove, de 20.....

.....
(Sinatura do/a solicitante)

ALCALDE DO CONCELLO DO GROVE

ADVERTÉSELLE QUE consente o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Grove relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral.

SX Xeral do Concello.



www.concellodogrove.com
NUM. EXP. APERTURA:



**SOLICITUDE DE
LICENZA DE APERTURA OU
ACTIVIDADE**

(SELO DO REGISTRO)

A	<i>Actividades comprendidas no anexo do Decreto 160/2005, do 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, que aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (salas de festas, discotecas, pubs, restaurantes, cafeterías...).</i>
B	<i>Outras actividades non comprendidas nos apartados anteriores, nin suxeitos ao tramite de comunicación previa ou declaración responsable, así como aquelas que requiran autorización ou informe previo e preceptivo doutra Administración Pública (protección do medio ambiente, patrimonio histórico-artístico, augas, sanidade, comercio, turismo e outras).</i>

1. SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI / NIF	
DOMICILIO					
RÚA, AVENIDA, PRAZA...		NÚM.	LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO			
ENDEREZO QUE SOLICITA PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
RÚA, AVENIDA, PRAZA...		NÚM.	LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO			

2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

DESCRICIÓN	
SUPERFICIE LOCAL:m ²	GRUPO, EPIGRAFE FISCAL OU IDENTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE

3. SITUACIÓN

RÚA, AVENIDA, PRAZA...	NÚM.	PLANTA
REFERENCIA CATASTRAL		

DECLARO baixo a miña exclusiva responsabilidade que é certo o que manifesto e que achego a seguinte documentación que acredita:

- ✦ Tres exemplares do proxecto, onde se detalla o cumprimento da normativa vixente aplicable, a súa repercusión sobre a sanidade e os sistemas correctores propostos. Estará visado cando o exercicio da actividade requira licenza urbanística nos termos do art. 2,1 da Lei 38/1999 (para este caso deberá acompañarse o oficio do nomeamento do técnico para a obra).
- ✦ Certificado de solidez e seguridade do local.
- ✦ Plan de emerxencia, plan de autoprotección, memoria de mobilidade ou estudo de avaliación da mobilidade xerada, estudo de impacto acústico, dispositivo de asistencia sanitaria, sempre que non se incorpore no proxecto técnico.
- ✦ Declaración de compromiso de contratación dos seguros previstos na Lei 9/2013 de 27 de decembro.
- ✦ Documento acreditativo da designación da persoa responsable do proxecto e da súa finalización coa súa habilitación profesional.
- ✦ E as autorizacións sectoriais que lle resulten necesarias para o exercicio da actividade.

ADEMAIS, achego:

1. Fotocopia do DNI de quen solicita.
2. No caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do/a representante e do/a solicitante, coa autorización escrita deste/a último/a ou a copia de poder para representalo/a. Se quen solicita é unha sociedade, débese achegar a súa escritura de constitución.
3. Xustificación da auto liquidación da taxa correspondente.

E SOLICITO que se conceda a licenza de apertura para a actividade requirida

O Grove, de 20.....

.....
(Sinatura do/a solicitante)

ALCALDE DO CONCELLO DO GROVE

ADVIRTESELLE QUE consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Grove relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral. SX Xeral do Concello.